

O PSdeG de Bóveda presenta ante o Valedor do Pobo unha queixa pola desidia do alcalde ante o grave problema da traída

A voceira municipal recorre a esta institución porque o goberno local “vulnerou claramente a súa responsabilidade neste asunto”, pois garantir o subministro de auga potable é unha competencia municipal básica que se atopa recollida na Lei de Bases de Réxime Local

Carme Macía esixe unha solución inmediata, “xa que estamos ante un risco serio para a saúde dos veciños, como demostran as analíticas que se van coñecendo, e que indican que a auga conta con altos parámetros de ferro, manganeso e mesmo arsénico”

Lamenta que o alcalde rexeitase todas as propostas do PSdeG, que leva advertindo da gravidade da situación dende hai meses. Os socialistas tamén esixirán no Parlamento que a Xunta tome as medidas necesarias para que a auga sexa apta para o consumo

O PSdeG de Bóveda vén de presentar unha queixa ante o Valedor do Pobo pola nefasta xestión do alcalde con respecto ó problema de salubridade da traída de auga municipal. A voceira dos socialistas no Concello, Carmen Macía, recorreu a dita institución porque a administración local desatendeu unha competencia municipal básica no que se refire ó subministro de auga potable. Deste xeito, Macía explica no escrito enviado ó Valedor, que “dende hai meses, concretamente dende abril, os veciños deste municipio temen pola calidade da auga e, mentres, o goberno local non está a facer nada para arranxar este problema que repercute na saúde dos cidadáns, pois a captación dende o encoro de Vilasouto está afectada por cianobacterias”. A voceira critica que, malia que dende dito mes o goberno local tiña coñecemento dos devanditos problemas, “o rexedor decidiu desatender a urxencia do problema co consecuente resultado: dende hai dúas semanas non podemos consumir a auga porque non é potable”.

Por tanto, Carme Macía considera que o alcalde, como máximo mandatario do Concello, así como o seu equipo de goberno, “vulneraron claramente a súa responsabilidade” neste asunto, pois garantir o subministro potable é unha competencia municipal que se atopa recollida no artigo 25.2 da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Os socialistas tamén esixirán explicacións no Parlamento

O PSdeG tamén reclamará no Parlamento que a Xunta dea explicacións sobre se é coñecedora do mal estado da traída de Bóveda, ademais de esixirlle que leve a cabo as medidas necesarias para que a auga sexa apta para o consumo, xa que, do contrario, continuarase a poñer en risco a saúde dos veciños e veciñas deste municipio do sur da provincia de Lugo.

Os socialistas, tendo en conta que o Concello non foi quen de atopar unha solución eficaz que permitise atallar o problema, apelan agora á responsabilidade do Executivo de Feijóo, instándoo a que non pode seguir facendo “unha política de brazos caídos” neste asunto, “pois estamos a falar de que hoxe por hoxe os cidadáns non poden empregar a auga da traída para beber, para cociñar e mesmo para ducharse. Esta é unha situación inaudita na provincia de Lugo, que atenta contra as necesidades básicas das persoas, polo que, de non solucionarse o problema, a Xunta tamén será co-partícipe da problemática”.

Co obxectivo de acadar unha solución útil, que permita eliminar a contaminación no subministro, tamén demandarán na Cámara os informes que poidan obrar en mans dos responsables da Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a auga da traída.

O parlamentario socialista Vicente Docasar pedirá, ademais, copia das diferentes analíticas existentes, pois as que se están a coñecer revelan que a auga desta traída non é apta para o consumo humano, xa que contén altos parámetros de ferro, manganeso e mesmo arsénico; cuestión moi preocupante e da que os socialistas piden as correspondentes aclaracións.

O alcalde rexeitou sempre o apoio dos socialistas

Así mesmo, dende o PSOE lamentan que os responsables do Concello non quixeran atender as peticións feitas polo Grupo Municipal Socialista ó longo dos últimos meses, iniciativas que intentaban tenderlle a man ó alcalde para atopar unha solución a un problema que está producindo un forte malestar nos veciños do municipio. Todas as propostas ían encamiñadas a sumar esforzos para erradicar un problema que se vén arrastrando dende hai demasiado tempo.

No mes de abril, e logo de que a Confederación Hidrográfica cortase o subministro de auga a varias parroquias do Incio por non ser apta para o consumo, os socialistas propuxéronlle a creación dunha comisión de seguimento que permitise dar unha resposta urxente á non potabilidade do encoro de Vilasouto. O alcalde, sen embargo, non aceptou a colaboración do grupo municipal socialista.

Posteriormente, demandóuselle a construción dunha depuradora. Neste caso, o rexedor, non só fixo "oídos xordos", senón que cualificou ós socialistas de "alarmistas". Na actualidade, e tendo en conta que a canalización do subministro non é a solución, senón que o problema é cada vez máis grave, o dirixente municipal considera que a iniciativa do PSDeG, é dicir, a construción dunha depuradora, é a opción máis axeitada.

Con estas contradicións que, tan só contribúen a dilatar no tempo a solución ó problema, os socialistas defenden que "o que non poden facer, tanto o Concello como a Xunta de Galicia, é andar xogando así cos veciños, polo que solucionar este tema ten que ser un asunto prioritario. Os veciños teñen dereito a ter nos seus fogares e negocios auga en condicións para consumila e usala para todo o que precisen, e mentres iso non se produza o goberno municipal de Bóveda deberá deixar de cobrar por un servizo que non está a proporcionar", concluíu a voceira municipal socialista.

16 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSDeG-PSOE da provincia de Lugo